

Sergio Rodríguez P.

Ara Solis

Para cuarteto de clarinetes e óboe

Encargo do meu admirado David Villa Escribano



Sergio Rodríguez

MUSIC

Sergio Rodríguez P.

Ara Solis

Para cuarteto de clarinetes e óboe

Encargo do meu admirado David Villa Escribano



Sergio Rodríguez

MUSIC

© 2017 Sergio Rodríguez Pena · Bandeira (Pontevedra)

Para contactar co autor: sergiooboe18@gmail.com

Notas ao Programa

Os mitos e lendas da Costa da Morte (Galiza), sitúan o ara solis (altar do Sol) no promontorio do cabo Fisterra, no extremo noroeste da comunidade galega. Trataríase dun santuario precristiá adicado ao Sol no extremo occidental da terra coñecida onde se ocultaba, sobrecolledor e con proporcións xigantescas, cada tarde.

Relacionouse o significado deste ara solis (o culto ao Sol no espazo onde era visto por última vez e comezaba o gran misterio, quizais o mundo dos mortos ou a illa da eterna xuventude) co inmemorial costume de moitos peregrinos de prolongar o Camiño de Santiago, unha vez chegados a Compostela, até Fisterra. Para as xentes medievais, a terra extrema, onde todo o coñecido finalizaba, tiña que ser de necesidade un espazo para respectar, impresionante, misterioso e máxico. Unha vez chegados a Santiago, a viaxe a Fisterra só supoñía un engadido máis á longa peregrinación desde calquera punto de Europa. É posible que varios destes peregrinos medievais puidesen contemplar os restos do vello altar pagán.

O ara solis do Finis Terrae galaico, posiblemente un monumento de influencias gregas, estaría formado, segundo algúns estudosos, por catro columnas e unha cúpula. Non se conservan restos nin testemuñas directas, mais si unha tradición continuada a través dos séculos que reforzaría a posibilidade da súa existencia, dada a fortísima carga simbólica do lugar. Só no promontorio de Fisterra se ocultaba definitivamente o Sol e concluía a ruta das estrelas, a ruta solar, a Vía Láctea. Era imposible seguir ou ver máis alá. Resultaba unha cuestión existencial para os máis remotos habitantes europeos e para os máis antigos peregrinos, pode que tamén para os actuais. Por iso se entende a lóxica do ara solis.

Considerouse a posibilidade de que sobre este remoto altar pagán se levantase a posterior ermida do peregrino San Guillerme, tamén hoxe desaparecida. A tradición local di que o destruíu o apóstolo Santiago guindándoo monte abaixo durante a súa predicación por este extremo occidental. Sen embargo, na popularísima Lenda áurea, do italiano Jacoppo de Varazze (s. XIII), sostense que até aquí enviou a raíña Lupa aos discípulos do Apóstolo para que consultasen a Régulus, sumo sacerdote do ara solis, sobre o seu enterro en Compostela.

Instrumentación

Óboe solista

Clarinete 1 (Sib)

Clarinete 2 (Sib)

Clarinete 3 (Sib)

Clarinete Baixo (Sib)

encargo do meu admirado David Villa Escribano

Ara Solis

para óboe e quarteto de clarinetes

Vaise o Sol: caljado, solemne ♩ = 60

Sergio Rodríguez P.

Solo ad lib.

Musical score for the first system, measures 1-4. The score is in 4/4 time and features five staves: Óboe solista, Clarinete 1 (Si \flat), Clarinete 2 (Si \flat), Clarinete 3 (Si \flat), and Clarinete Baixo (Si \flat). The Óboe part begins with a rest in measure 1, followed by a melodic line starting in measure 2 with a dynamic of *mf*, which reaches *f* by measure 4. The Clarinet parts enter in measure 2 with a dynamic of *pp*. Clarinet 1 plays a sustained note. Clarinets 2 and 3 play a triplet of eighth notes in measure 2. The Bass Clarinet plays a sustained note. The score concludes with a fermata in measure 4.

Musical score for the second system, measures 5-8. The score continues with the same five staves. Measure 5 is marked with a '5' above the staff. The Óboe part continues its melodic line, marked *sempre ad lib.* and *mf*, reaching *f* by measure 8. The Clarinet parts continue their parts from the first system. The score concludes with a fermata in measure 8.